



# CAMPIONATO GALEGO DE ENDURO

## Regulamento 2021

ENDURO



A Federación Galega de Motociclismo convoca o Campionato Galego de Enduro 2021, que se desenvolverá de acordo co presente regulamento.

Poderán tomar parte neste campionato pilotos Júnior, Sénior ou Veteranos que se encadrarán dentro das seguintes clases:

Enduro 1 , Enduro 2 , Enduro 3 , Enduro Junior OPEN , Trofeo de Enduro 125cc 2T , Trofeo de Enduro Junior , Trofeo Enduro Sénior B 2T, Trofeo Enduro Sénior B 4T, Trofeo Enduro Sénior C 2T, Trofeo Enduro Sénior C 4T, Trofeo Enduro Máster 45, Máster 55 e Copa de Enduro Femenino.

<b>ENDURO 1</b>	2T 4T	Ata 125 cc. Ata 250 cc.	A partir de 16 anos A partir de 18 anos
<b>ENDURO 2</b>	2T 4T	Sup. 175 cc. ata 250cc Sup. 250 cc. ata 450cc	A partir de 18 anos
<b>ENDURO 3</b>	2T 4T	Sup. 250 cc. Sup. 450 cc.	A partir de 18 anos
<b>Enduro 125 cc. 2T sub21</b>	2T	Ata 125 cc.	A partir de 16 anos ata o ano no que cumpren 21
<b>Junior Open</b>	2T 4T	Sup. a 80 cc. ata 250 cc Sup. a 175 cc. ata 450 cc	A partir dos 16 anos ata o ano que cumpren 23.
<b>Trofeo Junior</b>	2T 4T	Sup. a 80 cc. ata 250 cc Sup. a 175 cc. ata 450 cc	A partir dos 16 anos ata o ano que cumpren 23.
<b>SENIOR B 2T</b>		Motocicletas de 2T	A partir dos 21 anos
<b>SENIOR B 4T</b>		Motocicletas de 4T	A partir dos 21 anos
<b>SENIOR C 2T</b>		Motocicletas de 2T	A partir dos 35 anos
<b>SENIOR C 4T</b>		Motocicletas de 4T	A partir dos 35 anos
<b>MASTER 45</b>		Motocicletas de 2T e 4T	A partir dos 45 anos
<b>MASTER 55</b>		Motocicletas de 2T e 4T	A partir dos 55 anos
<b>FEMININO</b>		Motocicletas de 2T e 4T	A partir dos 16 anos



**1. REGULAMENTOS.** Os regulamentos particulares (RP) de cada proba para este campionato deberán ser remitidos á F.G.M. cun mes de antelación, como mínimo, para a súa aprobación. Toda aquela competición da cal non fose enviado o seu regulamento en prazo poderá considerarse automaticamente suspendida. e segundo acordo da asemblea xeral do 22/01/00 perderá o aval ou garantía, así como as posibles subvencións por organizar probas dos campionatos galegos. A todas as probas suspendidas serán cargados dereitos dobres. A Comisión Delegada será a encargada de designar a organización da competición reserva.

O RP debe conte-los permisos de paso das Comunidades de Montes ou entidades titulares dos terreos por onde transcorra a proba. O permiso por escrito do Concello onde se dispute. O permiso da Consellería de Medio Rural e demais permisos que poida necesitar en función do percorrido (tráfico, patrimonio, augas, etc); tamén deberá conter un mapa ou plano do percorrido, coa localización das probas especiais, e a indicación dos medios de seguridade previstos, así como a localización destes.

**2. INSCRICIÓNS.** As inscricións para as probas dos Ctos. Galegos, Copas ou Trofeos Galegos deberán realizarse e pagarse (por TPV) a través da web da FGM ([www.fgmoto.org](http://www.fgmoto.org)). O prazo de admisión das inscricións para as probas puntuables finaliza 7 días antes da data de realización da competición. Poderán realizarse fora de prazo pagando unha penalización ata 3 días antes da proba e unicamente a través da web.

Se non se realiza a inscrición conforme o anterior, o piloto perde o dereito a ser admitido para participar na proba, aínda que poderase admiti-la súa participación sen puntuar para a clasificación do Campionato, Copa ou Trofeo.

Poderán participar en calidade de **\*PILOTO CONVIDADO**, pilotos con licenza HOMOLOGADA doutras comunidades autónomas, con dereito a podio e trofeo pero sen optar a puntos nin a figurar na clasificación do Campionato Galego. Deberán realizar e pagar a inscrición a través da web da FGM nos prazos e prezos establecidos.

Todo aquel piloto inscrito nunha competición e que non poida participar nela, está obrigado a comunicalo á F.G.M. o máis axiña posible, o máis tardar dous días antes da proba, alegando causa xustificada e por escrito. Neste caso terá dereito a devolución do importe da inscrición.



**3. LICENZAS.** Poderán participar neste campionato tódolos pilotos coa licenza **GALEGA** e **HOLOGADA** vixente da clase Enduro, das categorías Júnior, Sénior ou Veterano, e có permiso de conducir motocicletas vixente. Os pilotos con licenza **HOMOLOGADA** expedidas por outras comunidades poderán participar sempre que realicen a inscrición conforme o art. anterior, con dereito a trofeos da proba pero non clasificarán para o Cto. Galego.

**4. MOTOCICLETAS ADMITIDAS.** Poderán participar no presente campionato calquera motocicleta aceptada nos regulamentos F.I.M., R.F.M.E. e F.G.M. para a práctica desta especialidade e equipada conforme ó disposto no Código de circulación e nos anexos 06 da R.F.M.E. e 061 da F.I.M, ademais dos regulamentos técnicos de Enduro, anexo 01 da F.I.M.

### **5. COMPETICIÓNS PUNTUABLES, VERIFICACIÓNS, PERCORRIDO.**

**5.1. Competicións Puntuables.** O campionato considerarase válido coas probas que se realicen dentro do calendario. Para a clasificación final do campionato serán sumados os puntos conseguidos por cada piloto en tódalas probas celebradas, non será desbotado ningún resultado.

#### **5.2. Verificacións:**

Poderán realizarse o día anterior a proba dende as 17:00 h. ata as 20:00 h. ou o mesmo día da proba dende as 7:00 h. ata as 9:00 h. por categorías, alternando a orde en cada proba e conforme os horarios que se publicarán na web da FGM. Excepto nas que se celebren conxuntamente con Cto. de España que utilizarán os horarios do nacional. Os pilotos no momento de realizar a inscrición deberán facer constar na mesma se queren verificar o mesmo día da proba ou o día anterior.

Durante as verificacións administrativas os organizadores comprobarán a identidade do participante, a documentación e o seguro das motocicletas, a licenza e o permiso de conducir dos pilotos. Unha vez superadas estas, as motocicletas quedarán no parque fechado depositadas baixo a custodia do club organizador.

**Nas verificacións tódalas motocicletas pasarán a verificación técnica, onde se examinarán os seguintes elementos:**

- **Números e cores dos fondos regulamentarios:**

**(Todos os fondos en cores escuras)**



## **Dorsais fixos para todo o Campionato**

- **Luces dianteira, traseira e stop.**
- **Manetas de freo e embrague .**
- **Pata de cabra orixinal ou mecanismo homologado para a motocicleta. Todas as motocicletas no momento de entrar no parque fechado deben estar equipadas co sistema de pata de cabra co que foron homologadas.**
- **Os manillares deberán estar equipados cunha protección ou barra transversal. Os que non teñan esta barra deberán coloca-la protección no centro do mesmo.**
- **O piñón de ataque das motocicletas deberá estar provisto dun protector para impedir que o piloto introduza os dedos no interior.**
- **Contaquilómetros e gardalamas traseiro**
- **Placa de matrícula**
- **Bucina**
- **Control de ruído (máximo 102 dB/A, segundo o Regulamento técnico F.I.M)**

**Tamén serán precintados e marcados os seguintes elementos :**

- |                                     |                  |
|-------------------------------------|------------------|
| - <b>Número de placa (frontal)</b>  | <b>Pintura 1</b> |
| - <b>Chasis (pipa drta.)</b>        | “                |
| - <b>Cárter motor (parte drta.)</b> | “                |
| - <b>Silenciador</b>                | “                |
| - <b>Rodas (en cada cubo)</b>       | <b>Pintura 2</b> |

**A marcaxe estará limitada a estas seis partes. Estas pezas deberán ser utilizadas durante toda a proba, e deben estar no seu lugar ó finalizar, sexan esenciais ou non para o funcionamento da motocicleta. Está prohibida a substitución destas pezas, baixo pena de exclusión.**

**Antes da saída verificarase tamén a indumentaria dos participantes, que deberán ir provistos de: casco homologado, botas, guantes, gafas e roupa, que será apropiada para a práctica do Enduro.**

**Unha vez rematada a proba, as motocicletas volverán obrigatoriamente ó parque fechado, onde permanecerán ata, polo menos, 30 minutos despois de finaliza-la competición.**

**5.3. Briefing. O día da proba as 9:30 h. E obrigatorio a asistencia o briefing, onde será entregado o carné de ruta os pilotos verificados. A penalización para os pilotos que non asistan o briefing é de 30 €.**



**5.4. Orde de Saída. Saída 1º participante: as 10:00 h. A orde de saída das categorías será a que considere conveniente o club organizador, atendendo ás circunstancias propias da proba. Cando a proba coincida co CEE adaptarase ao horario do nacional.**

**5.5. Percorrido. As competicións puntuables deberán ter un máximo de 60 Kms. e un mínimo de 20 Kms. en cada volta, con catro voltas para a categoría sénior en todas as competicións. O resto das categorías poderán dar menos número de voltas. Cun máximo de 5 horas de duración (+ 10% en caso de aplicar tempo B).**

**O percorrido desenvolverase por sendeiros, camiños e pistas de terra nun 80%, soamente poderá ter un 20% por estradas. Debe estar suficientemente marcado e sinalizado, e estará prohibido abandonalo baixo ningún concepto.**

**Está prohibido adestra-lo percorrido antes da carreira, dende o momento en que está sinalizado. O piloto que infrinxa esta norma será penalizado cun minuto na primeira ocasión e coa exclusión automática en caso de reincidencia.**

**As mostras dos sinais ou indicacións utilizadas para a sinalización do percorrido, deberán estar expostas nas proximidades do parque fechado dende o día anterior á carreira.**

**Para os participantes do Trofeo Afeccionados, Trofeo Master e Trofeo Fémimas habilitaranse pasos alternativos naqueles puntos do percorrido con maior dificultade. As categorías Afeccionados, Veteranos e Fémimas polas súas características, terán un percorrido o máis asequible posible para que poidan acceder tódolos pilotos que queiran iniciarse nesta especialidade.**

**Os tempos asignados para cubri-los diferentes controis horarios será o da clase Sénior aumentado nun 10% como mínimo para a categoría Open, 15% para Veteranos e 20% para Afeccionados e Master.**

**5.6. Probas Especiais. Toda competición deberá conter 5 probas especiais para a categoría Sénior, ben en forma de "Crono", ben en forma de "Treito cronometrado".**

**O lugar e a localización destes tests deberán ser publicados 24 horas antes da súa realización. Permitirase o seu recoñecemento unicamente a pé.**

**A "Crono" deberá ter unha lonxitude de 2 a 5 Kms., e estará especialmente marcada na súa totalidade en forma de encintado. A cronometraxe farase á centésima de segundo, expresado en puntos. A velocidade media non superará os 50 Km/h.**

**Polo menos disputarase unha crono ou un treito en cada volta.**



**Os organizadores daquelas competicións que teñan mais dunha proba especial por volta poderán solicitar á Federación con antelación e xustificación razoada a redución da lonxitude mínima nunha das probas especiais.**

**O "Treito" constará dun percorrido mínimo de 2 Kms. e un máximo de 5 Kms. Delimitaranse con cinta totalas zonas que non teñan delimitación natural.**

**O percorrido non será perigoso e poderase acceder a tódolos seus puntos nun vehículo 4X4. Extremarase a precaución para que tódolos posibles accesos ó treito por parte de vehículos alleos á proba estean cortados e vixiados. Haberá un comisario cada 500 metros como mínimo, comunicado cos comisarios da saída do treito. O inicio e a chegada do treito estarán localizados en zonas as que poidan chegar calquera vehículo.**

**A primeira pasada polo treito non será cronometrada, servindo esta como recoñecemento.**

**A velocidade media non poderá supera-los 50 Km/h.**

**A chegada será lanzada e o piloto deberá segui-lo percorrido ata o próximo control horario. O percorrido do treito publicarase 24 horas antes da disputa deste, e permitirase, a partir dese momento, o recoñecemento a pé.**

**Tanto na crono coma no treito, a saída e a chegada deberán estar sinalizadas cos correspondentes carteis.**

**Saída con semáforo. Unha vez se apaga o semáforo o piloto dispón de 5 segundos máximo para realizar a saída. 1ª infracción = amoestación, 2ª infracción = penalización de 1 minuto, 3ª infracción = exclusión. Tódalas pasadas na crono serán cronometradas para todas as categorías.**

**A saída nas probas especiais tomarase coa motocicleta parada nunha liña marcada no chan, sen que a roda dianteira a supere, e co motor en marcha.**

**Adiantarse ó sinal de saída dado polo comisario será penalizado con 60 segundos. A reincidencia nesta infracción será castigada coa exclusión automática.**

**Acurtar ou atalla-lo percorrido dunha proba especial terá como penalización a exclusión. A mesma pena aplicarase ó participante que derribe intencionadamente algunha estaca ou cinta de delimitación do percorrido.**

**O participante que sufra unha saída do percorrido debe retornar a este polo mesmo punto polo que o abandonou.**

**5.7. Controis horarios (C.H.). Os controis horarios poderán estar instalados en :**  
**- Despois da zona de saída, ó dar comezo a competición.**



- En puntos intermedios elixidos pola organización. A distancia entre dous C.H. non será inferior a 5 Kms. nin superior a 40 Kms.
- Antes de cada proba especial, de modo obrigatorio o máis cerca posible do inicio, e como máximo, 1 Km. antes de dita proba especial.
- O número máximo de controis horarios nas probas do Cto. Galego de Enduro será de 7 + o control de cegada a parque fechado.

No caso de inclemencias metereolóxicas, o organizador poderá varia-la media prevista a un termo medio máis lento, o que se publicará antes da saída (Tempo "A" ou Tempo "B").

A cronometraxe nos C.H. farase en unidades de minuto.

O atraso máximo permitido a un participante sobre a súa hora teórica de paso por un control horario será de 30 minutos.

A perda do Carné de ruta penalizarase con 10 puntos.

A Federación poderá designar unha persoa, que non sexa participante, para acompañar ó Delegado de Enduro a inspeccionar con antelación o percorrido das probas e verificará en moto os tempos indicados pola organización, que serán aprobados ou modificados polo Delegado de Enduro. Os clubs organizadores deberán poñer a disposición das persoas enviadas pola Federación para a inspección do percorrido a unha persoa capacitada para indicarlle con exactitude por onde discorre e acompañalas.

**5.8. Controis de Paso (C.P.).** É obrigatorio deterse a pica-la tarxeta nos controis de paso, que serán secretos. A infracción desta norma sancionase coa exclusión. No caso de perde-la tarxeta de C.P. solicitarase unha nova ó comisario encargado do control de paso.

As probas que se disputen conxuntamente coas probas do Cto. de España celebradas en Galicia, as condicións da organización poderán modificarse para adaptarse as condicións do Cto. de España.

**6. MÍNIMO DE PARTICIPANTES.** Para que se celebre unha competición deberán estar inscritos en tempo e forma un mínimo de 8 pilotos da mesma categoría ou categorías que compitan conxuntamente. Para que unha competición sexa puntuable neste campionato, deberán toma-la saída nela un mínimo de tres participantes, na categoría correspondente.

**7. CLASIFICACIÓN DOS PILOTOS.** A adxudicación de puntos en cada categoría será como segue :

1º    25 puntos            6º    10 puntos            11º    5 puntos





2º	20 puntos	7º	9 puntos	12º	4 puntos
3º	16 puntos	8º	8 puntos	13º	3 puntos
4º	13 puntos	9º	7 puntos	14º	2 puntos
5º	11 puntos	10º	6 puntos	15º	1 puntos

**En caso de empate na clasificación do campionato resolverase a favor do piloto que obtivese máis primeiros postos; de continuar o empate, a favor do que tivese maior número de segundos postos; e así sucesivamente; se aínda persiste o empate, a favor do que teña a menor suma de penalizacións en tódolos días nos que os empatados clasificasen conxuntamente. De subsistir, o título será adxudicado ó piloto coa mellor clasificación no último día de competición puntuable realizada.**

**En caso de empate nunha competición resolveraa o mellor tempo realizado na primeira proba especial, e se este persistise, o das seguintes probas especiais. As clasificacións de cada competición estableceranse en segundos, sumando o tempo realizado na crono, no treito e as penalizacións impostas por atraso ou adianto nos C.H., e polas infraccións cometidas. Quen obteña o menor número de puntos será proclamado vencedor na clasificación da súa categoría, o seguinte será o segundo e así sucesivamente.**

**8. MEDIDAS DE SEGURIDADE.** A organización debe ter prevista unha vixilancia especial nas zonas onde se desenvolva a crono e o treito cronometrado. En cada unha destas probas especiais haberá, como mínimo, unha ambulancia. Así mesmo, outra ambulancia debe ser situada nun punto estratéxico do rally (percorrido común), debendo prepara-la organización un plan especial de evacuación rápida de feridos, dispoñendo os medios apropiados para iso (vehículos 4X4, motocicletas, etc.).

**O día da carreira, polo menos unha hora antes de da-la saída, unha motocicleta da organización dará unha volta completa ó percorrido, e verificará que tódolos sinais e indicacións están no seu debido lugar, e engadirá ou retirará as que sexa necesario. Ó remata-la proba, un vehículo da organización dará unha volta completa ó percorrido, e facilitará ós participantes que o precisen, o rescate dos seus vehículos. Nas interseccións do rally con algunha estrada ou vía importante, a organización situará a un comisario co fin de regula-lo paso dos pilotos. Tamén deben ser alertados, antes do inicio da proba, os centros asistenciais concertados con seguro da licenza.**

**Números teléfonos emerxencias:**





Incluír nos Carnés de ruta os números de teléfono de emerxencias que facilite o club organizador (advertir no briefing que son exclusivamente para emerxencias).

**9. PREMIOS.** O club organizador de cada proba entregarlles trofeos ós tres primeiros clasificados de cada categoría.

O organizador entregarlles unha medalla ou recordo conmemorativo a tódolos participantes que rematen a proba.

**10. CAMPIONATO DE CLUBS, ESCUDARÍAS E MARCAS.** As puntuacións finais no campionato dos dous mellores pilotos de cada club, escudaría ou marca, serán sumadas para determinar a qué entidade se lle entrega o Diploma acreditativo deste campionato.

**11. DIPLOMAS E TROFEOS.** A Federación Galega de Motociclismo outorgarlles ó finaliza-lo campionato, os seguintes premios en cada categoría:

- ó piloto campión: **DIPLOMA e TROFEO**
- ó piloto subcampión: **DIPLOMA e TROFEO**
- o piloto terceiro clasificado: **DIPLOMA**
- ó club ou escudaría campioa: **DIPLOMA**
- á marca campioa: **DIPLOMA**

Todo aquel piloto que se clasifique nunha das tres primeiras posicións nunha competición ou nun campionato está obrigado a asistir á entrega de premios. O incumprimento inxustificado desta norma producirá á perda do premio ou trofeo correspondente.

Se non pode asistir por algunha causa xustificada deberá comunicalo ó organizador e ó presidente do xurado. O incumprimento desta norma, ademais de significa-la perda do premio ou trofeo correspondente, producirá á perda dos puntos acadados nesa proba para o campionato.

**12. INFRACCIÓN E SANCIÓN.** Considerase infracción o acto voluntario ou involuntario, realizado durante o transcurso dunha competición e contrario ós regulamentos en vigor ou as ordes dadas por un oficial responsable da competición. Tamén os actos de corrupción, fraude ou calquera outra acción que prexudique ós intereses da competición, participantes ou deporte en xeral. Durante o transcurso dunha competición o xurado ou arbitro, directamente ou a proposta do director de competición ou de calquera oficial autorizado pola federación competente pode impoñe-las seguintes sancións: Advertencia, multa, penalización de tempo ou voltas, desclasificación,



**exclusión e descualificación segundo o regulado nos artigos 110 e 111 do regulamento deportivo. Poderán ser motivo de sanción tódalas aquelas faltas recollidas no regulamento xeral de Enduro, Regulamento Deportivo da F.G.M. ou Regulamento Disciplinario. As sancións por infraccións cometidas polos acompañantes dos pilotos recaerán sobre os propios pilotos.**

**13. RECLAMACIÓNS.** Calquera reclamación contra o desenvolvemento da proba ou da conduta doutro piloto deberá facerse por escrito acompañada de 90 € dentro da media hora seguinte ó termino da proba.

Calquera reclamación contra a clasificación da proba deberá facerse por escrito acompañada de 90 € dentro da media hora seguinte á publicación desta.

Calquera reclamación técnica contra unha motocicleta deberá facerse na media hora seguinte ó remate da proba, por escrito e xunto cunha fianza de 150 €.

Se se comprobase a veracidade dunha reclamación, o importe será devolto, no caso contrario será retido e enviado á F.G.M.

As reclamacións entregaranse en man ó director da competición ou árbitro, acompañadas da fianza correspondente e asinada unicamente pola persoa directamente afectada. Non poderá referirse a máis dun tema por reclamación.

Os pilotos participantes están obrigados a desmonta-los órganos mecánicos da súa moto diante do comisario técnico se houberse unha reclamación (neste sentido) doutro participante ou por verificación de oficio. A desmontaxe tamén poderá ser realizada por un mecánico do propio piloto.

**14. RETIRADA DUNHA COMPETICIÓN.** Todo aquel piloto que se retire da competición está obrigado a comunica-la súa retirada ó organizador, retira-los números da súa motocicleta e non continuar na carreira. O non cumprimento desta norma poderá ser motivo de sanción.

**15. APRAZAMENTO DAS COMPETICIÓN.** Os aprazamentos das competicións deberán ser solicitados por escrito cun mes de antelación, como mínimo, indicando os motivos e a nova data de realización da proba, que terá que ser obrigatoriamente anterior á penúltima carreira do campionato. No caso contrario quedará definitivamente anulada, e segundo acordo da asemblea xeral do 22/01/00 perderá o aval ou garantía, así como as posibles subvencións por organizar probas dos campionatos galegos. A todas as probas suspendidas serán cargados dereitos dobres. A Comisión Delegada será a encargada de designar a organización da competición reserva.



**NOTA.- O que pola súa extensión non se recolla no regulamento deste campionato rexerá polo Regulamento deportivo da F.G.M. e no seu anexo de Enduro.**

### **EXTRACTO DE NORMAS DO REGULAMENTO DE ENDURO:**

#### **- AXUDAS EXTERIORES PERMITIDAS (ART. 6.23)**

**Toda axuda exterior está prohibida, excepto a asistencia recibida nas zonas autorizadas (nos CH con asistencia) e nas zonas oficiais de reposición de carburante. A expresión de "axuda exterior" significa toda acción que comporte un contacto coa motocicleta levada a cabo por unha persoa distinta ó piloto ou a un oficial da proba no exercicio das súas funcións. O cambio de pneumáticos so está autorizado no último control horario do primeiro día, entre bandeiras brancas e amarelas, este traballo deberá ser realizado polo piloto.**

#### **ZONAS AUTORIZADAS PARA RECIBIR MATERIAIS DE TRABALLO (AXUDA EXTERIOR):**

##### **\* CONTROIS HORARIOS (C.H.)**

**Poderanse realiza-los traballos autorizados recibindo axuda exterior, no espazo comprendido entre a bandeira branca e a bandeira amarela.**

**A repostaxe só poderá efectuarse nos postos oficiais de repostaxe indicados polos organizadores e en todos os postos de Control Horario nos que estea permitido, entre a bandeira branca e a bandeira amarela. O repostaxe está prohibido entre a bandeira branca e a mesa do posto de control.**

##### **\* ZONAS OFICIAIS DE REPOSICIÓN DE CARBURANTE**

**Serán aquelas zonas designadas expresamente pola organización para tal fin.**

#### **Zona de Asistencia:**

**Obrigatoriedade de utilizar estera medioambiental para as repostaxes en todas as modalidades de Enduro (Enduro, Enduro Indoor e Resistencia Enduro). O incumprimento desta norma será motivo de exclusión (na primeira ocasión advertencia).**



## **- CAUSAS DE EXCLUSIÓN**

**Son causas de exclusión:**

- **Supera-lo nivel de ruído autorizado.**
- **Recibir pezas de recambio fóra do parque de traballo ou fóra das zonas de controis horarios entre a bandeira branca e a bandeira amarela.**
- **A falta da marca da verificación ou falta da marca da re-verificación.**
- **A posta en marcha do motor no interior do parque fechado.**
- **Entrar no parque fechado co motor en marcha. Repoñer carburante ou efectuar reparacións no traxecto entre o control horario final e o parque fechado.**
- **Fumar no parque fechado ou na zona de espera.**
- **Conducir contrariamente ó Código deportivo no parque fechado.**
- **Efectuar reparacións no interior da zona de saída, antes do sinal de saída.**
- **Chegar con máis de 30 min. de atraso á liña de saída.**
- **Repoñer carburante fóra das zonas oficiais ou transporte de carburante noutros recipientes que non sexan o depósito de gasolina.**
- **Non para-lo motor durante a reposición de combustible.**
- **A utilización dunha impulsión non autorizada.**
- **Aceptar axuda exterior.**
- **Establecer contactos non autorizados con persoas acompañantes.**
- **Ser acompañado por outro piloto ou acompañar a outro piloto.**
- **Abandona-lo itinerario, percorrelo en sentido contrario e non respecta-lo percorrido sinalado.**
- **A primeira infracción á norma de adestra-lo percorrido: 1 minuto.**
- **A segunda infracción á norma de adestra-lo percorrido penalizarase coa EXCLUSIÓN**
- **A violación das normas do Código de circulación.**
- **A modificación dun carné de ruta ou ficha de C.P., ou utilización dun carné de ruta doutro piloto.**
- **Omitir un control horario ou un control de paso.**
- **Non deterse nun control horario ou de paso, ou non segui-las indicacións do comisario.**
- **Chegar a un control horario máis de 30 minutos despois da súa hora inicial da saída.**
- **Non pasar un control de paso.**
- **Adestra-lo percorrido das probas especiais.**
- **Competir cunha cilindrada superior á indicada no formulario de inscrición ou calquera outro dato que non corresponda o declarado na verificación preliminar.**



- **Acurtar ou atalla-lo percorrido dunha proba especial**
- **Derribar intencionadamente algunha estaca ou cinta de delimitación do percorrido.**
- **A segunda infracción por adiantarse ó sinal de saída na especial (antes de que se apague o semáforo)**
- **A terceira infracción por non efectuala saída na especial nos 5 segundos despois de apagarse o semáforo**
- **A segunda infracción por non utilizar estera medioambiental para as repostaxes.**

### **- CAUSAS DE PENALIZACIÓN**

- **Non pasa-la liña de 20 metros no minuto que segue ó sinal de saída: 10' seg.**
- **Perda do Carné de ruta: 10 seg.**
- **Posta en marcha do motor na zona de espera: 1 min.**
- **A posta en marcha do motor na zona de saída antes do sinal de saída: 1min.**
- **Por cada minuto de atraso na liña de saída (C.H.S.): 1min.**
- **Por cada minuto de adelanto nun C.H.: 1 min.**
- **Por cada minuto de atraso nun C.H.: 1 min.**
- **Nas probas especiais.**
  - **Crono 1/100 seg.**
  - **Treito 1/100 seg.**
- **Ser sorprendido, por primeira vez, adestrando o percorrido: 1 min.**
- **Deterse entre a bandeira amarela e a mesa de control dun control horario: 1 min.**
- **Non asistir o briefing: multa de 30 €**
- **Non comunicar a retirada a organización: multa de 60 €**
- **Adiantarse ó sinal de saída na especial (antes de que se apague o semáforo)**
  - 1ª infracción: 1 min.**
  - 2ª infracción: exclusión**
- **Non efectuala saída na especial nos 5 segundos despois de apagarse o semáforo**
  - 1ª infracción: amoestación**
  - 2ª infracción: 1 min.**
  - 3ª infracción: exclusión**
- **Non utilizar estera medioambiental para as repostaxes**
  - 1ª infracción: advertencia**
  - 2ª infracción: exclusión**

**A interpretación deste regulamento corresponde o xurado da proba e a Comisión Delegada da F.G.M.**